



## INDICE GENERAL



### CLASIFICACIÓN del MONTE:

Costa do Faro

### COMUNIDAD PROPIETARIA

SANTABAIA


LUGAR / PARROQUIA

Concello

Santabaia

RODEIRO

- A) RESOLUCIÓN DE LA CLASIFICACIÓN INICIAL
- B) RESOLUCION DE LA MODIFICACIÓN DE SUPERFICIE
- C) CROQUIS O PLANOS DE LA CLASIFICACION
- D) PLANOS DEL DESLINDE
- E) CONVENIOS
- F) ACTOS DE DISPOSICIÓN
- G) RECURSOS ADMINISTRATIVOS
- H) SENTENCIAS JUDICIALES



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

**ASISTENTES**

**PRESIDENTE**

D. José A. López Rodríguez  
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente)

**VOCALIS**

Dña. Mª Luisa Pardavila Pazos  
(Avogado polo Colexio da provincia)  
D. Manuel Francisco Gutierrez  
(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais)  
D. Luis Mª Muíños Vidueira  
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)

**VOCALIS REPRESENTANTES DA PARROQUIA DE SANTABAIA DE CAMBA DO CONCELLO DE RODEIRO**

D. Martín Ledo Toubes  
Dña. María Cazorla Torrado

**SECRETARIA**

Dña. Pilar Pita Ponte  
(Xefa de Sección do Servizo Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente)

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día vintecinco de xuño do 2003, coa asistencia das persoas ó marxe rescñadas, reúnese na 3ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación do monte "Costa do Faro" da parroquia de Santabaia do concello de Rodeiro

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.-** Con data de entrada 28/09/00, D. Martín Ledo Toubes, na súa condición de veciño da parroquia de Santabaia de Camba, do concello de Rodeiro, e en representación da mesma, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación do monte denominado "Costa do Faro" como veciñal en man común para os veciños da parroquia de Santabaia, acompañando informe técnico e pericial, así como diversa documentación, describindo o monte, identificación, superficie, ocupacións e lindeiros.

**SEGUNDO.-** Con data 14/06/01 solicítase ó Servizo de Montes e Industrias Forestais informe previo, informe que é evacuado en data 16/04/02 onde se indica polo xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais que o monte denominada "Monte do Faro" non está afectado por outras clasificacións e que a planimetría aportada polos veciños solicitantes é suficiente, neste informe indícase que da superficie solicitada 5,2 Has. atópanse fora do termo municipal de Rodeiro.



## XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN DE MONTES VECIÑAIS

Benito Corbal, 47 - 5.º



REXISTRO DE MONTES VECIÑAIS  
EN MAN COMÚN  
PONTEVEDRA  
COTEJADO É CONFORME CO ORIGINAL  
36071 PONTEVEDRA  
Data: 12 MAY 2003  
O FUNCIONARIO ENCARGADO

**TERCEIRO.-** Na reunión celebrada polo Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común o día 9 de maio do 2002 acordouse á vista do informe elaborado polo Servicio de Montes e I.F. incoar o expediente para a súa clasificación da parte que se atopa dentro do termo municipal de Rodeiro, e nomear instructor do mesmo a D. José Antonio López Rodríguez.

**CUARTO.-** De conformidade co establecido no artigo 20 do Decreto 260/1992 solicítase informe preceptivo do Servicio de Montes e Industrias Forestais que é remitido ó Xurado con data 5 de febreiro do 2003, no que se describe o monte da seguinte maneira:

**CONCELLO: RODEIRO**

**PARROQUIA: SANTABAIA DE CAMBA**

**Cabida: 66,4 Has.**

**Lindes:**

**Norte:** Parcela propiedade de Javier Sánchez Failde

**Sur:** Fincas particulares de Serafin Lamas Lamas, Francisco Lamas Rodríguez, Manuel Crespo Rodríguez, Jesús Poutón Pereira, Manuel Cambeiro Cambeiro, María Paz Jorge e Montes Veciñais da parroquia de Asperelo

**Leste:** Provincia de Lugo

**Oeste:** Fincas particulares de Josefa López Carral, Antonio Calvo Novoa, José Diéguez López, Elisa Seijas Fernández, Aurora Seijas Fernández, Avelino Jorge Seijas, Manuel Cidre Sánchez, Felisa Cidre Sánchez, Manuel Cuñarro Sánchez, Gumersindo Sánchez Areas, Avelina Vázquez García, Cástor García García, Gerardo Vázquez González, José M<sup>a</sup> López Cambeiro, Andrés Fernández Diéguez, Adelaida Fernández Diéguez, Aquilino Jorge Seijas, Avelino Jorge Seijas, José Fernández Diéguez, Jaime Diéguez Eiriz, Antonio Calvo Novoa, Gerardo Vázquez González, José Arias García, Javier Sánchez García, Jaime Diéguez Eiriz, José Fernández Diéguez, Fernando Pérez Fernández, Josefa Valladares Fernández, Manuel Saa García, Ermelinda García Porto, E. Pilar Eiriz Hermida, Serafin Cortés Fernández, Perfecto López Cambeiro, Encarnación Fafián Eiriz, Guillermo Diéguez S.S., Manuel Ledo Novoa, Perfecto López Cambeiro, Manuel Vence Cambeiro, M<sup>a</sup> Cruz Alvarez Cambeiro, Josefa Valladares Fernández, Matilde Fernández Ledo, Manuel Vence Cambeiro e pista asfaltada de Asperelo á ermita do Faro

**Servidumes e ocupacións:**

Este monte atópase ocupado por dous depósitos de auga, un poste de antena de radio e unha caseta de 1,5 X 1,5 m

**QUINTO.-** O Rexistrador da Propiedade de Lalín certifica con data 27 de marzo do 2003 que o monte solicitado non aparece inscrito a favor de persoa algunha.

**SEXTO.-** Con data 27 de marzo do 2003 o presidente do Xurado acordou abri-lo período de audiencia cun prazo dun mes. Data de saída 31 de marzo do 2003 e publicado no DOG con data 6 de maio do 2003.

**SETIMO.-** No periodo de audiencia presentáronse as seguintes alegacións:

a) Josefa López Carral alegou:

- Que dúas fincas denominadas "Tenza de Batuqueiros" e "Tenza da Cima da Chousa Nova", son da súa propiedade, documentalmente acreditado e por notoriedade dende sempre.

b) Jesús Jorge Cidre alegou:

- Que dúas fincas denominadas "Batuqueiros" e "Tenza da Arriba das Chousas", son da súa propiedade, documentalmente acreditado e por notoriedade dende sempre.

c) Celso González García alegou:

- Que unha finca denominada "Fonte Barreira" é da súa propiedade, documentalmente acreditado e por notoriedade dende sempre.

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro:** O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Vecinais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes vecinais en man común. Expedientes que se iniciarán, de conformidade co establecido no artigo 19 do Decreto 260/1992 polo que se aproba o Regulamento da lei 13/89 a instancia, entre outros, de calquera veciño ou grupo de veciños, circunstancia que concorre no solicitante.

**Segundo.-** De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes vecinais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende entender por montes vecinais en man común *"... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións vecinais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de vecinos"*.

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como vecinal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.



**Terceiro.-** O uso en man común do monte "Costa do Faro" tense suficientemente acreditado polos informes do Servicio de Montes e Industrias Forestais, principalmente o informe de 5 de febreiro do 2003, sin que signifique un pronunciamento sobre posesión ou propiedade, cuestións que exceden a competencia do Xurado Provincial de Montes Veciñais e que non poden tomarse en consideración.

Non poden, nembargantes, terse en consideración as manifestacións de D. Jesús Jorge Cidre e D. Celso González García, porque non se sustentan en ningunha clase de proba documental, nin aportan ningunha proba en contra do uso comunal e do certificado emitido polo Rexistro da Propiedade de Lalin, non consta ningún titular.

No mesmo senso, tampouco deben terse en consideración as alegacións de Dña. Josefa López Carral, xa que non aporta ningún tipo de documentación que acredite a súa propiedade, a maior abundamento, a propia entidade promotora do expediente na súa relación de colindantes polo seu vento Oeste, aparece a mencionada Dña. Josefa López Carral.

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

**CLASIFICAR como veciñal en man común o monte "COSTA DO FARO", a favor da PARROQUIA DE SANTABAIA DE CAMBA do concello de Rodeiro coa descrición reflectida no feito cuarto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servicio de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución.**

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.



XUNTA DE GALICIA  
CALLE T. 1 - 2 - 36001 SANTIAGO DE COMPOSTELA - TEL. 981 38 10 00 FAX 981 38 10 01[illegible]